

MANIFESTO

DA UNIÓN DE FEDERACIÓN DEPORTIVAS GALEGAS

O Covid-19 está a provocar unha das crises mundiais máis grandes da historia. Esta pandemia está a causar un impacto socioeconómico global, provocado polo efecto sanitario da propia enfermidade que mostra cantidades desoladoras, xa sexa expresadas en número de contaxios como, especialmente, de falecidos. Os esforzos por controlar a súa expansión pandémica está a afectar á economía dos países e o estilo de vida dos seus cidadáns.

Un dos sectores máis afectados é o deportivo, que está a sufrir as repercusións da suspensión da actividade e da imposibilidade de realizar exercicio físico nas condicións que eran habituais antes do estalido da pandemia. Todo isto **implica unha gran redución nos recursos socioeconómicos das Federacións Deportivas, Clubs Deportivos e dos propios deportistas.**

Dende a Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA) consideramos conveniente, oportuno e incluso estratéxico, a necesidade de que o deporte galego se una nun **gran pacto** co obxectivo de constituír un vínculo de implicación, interacción e compromiso entre todas as entidades públicas e privadas implicadas no sector deportivo, **para apoiar, fomentar e garantir o desenvolvemento digno do deporte en Galicia.**

Un trato baseado en catro soportes fundamentais:

- **Deporte é Saúde**, porque a actividade física, a recreación e o deporte son o mellor medio para acadar o benestar e o equilibrio saudable. Non esquezamos que a práctica deportiva individual foi unhas das actividades que fixeron máis tolerable o período de confinamento a millóns de persoas. Son innumerables os beneficios da práctica deportiva en relación ca saúde, dende a redución do risco a padecer enfermidades ata o fortalecemento do sistema inmunolóxico. Todo o que se inviste en deporte, invístese en saúde.
- **Deporte como un ben socialmente necesario para todos e todas**, porque inspira á xuventude, activa valores propios da nosa nacionalidade e é a mellor expresión da nosa cultura, que nos une entorno ás proezas deportivas das nosas federacións, clubs e deportistas.
- **Deporte é Economía**, porque o deporte é un sector estratéxico moi importante para a nosa comunidade, que crea empregos e que representa a relevante cifra do 2,63% do produto interior bruto (PIB) de Galicia.
- **Deporte é colaboración**, porque en Galicia hai miles de persoas que procuran o ben das entidades deportivas e dos deportistas de maneira desinteresada, antepoñendo os intereses das sociedades e colectivos aos propios. Labor impagable que sen dúbida reduce os costes das administracións públicas.

Por isto facemos un chamamento a todas as institucións tanto privadas como públicas, nacionais, autonómicas, provinciais ou locais sobre a importancia e a necesidade de seguir apoiando ao deporte nestes momentos tan duros para todos e todas.

É o momento do diálogo, da colaboración e da cooperación, **“NON DEIXEMOS DE LADO ÁS NOSAS ENTIDADES DEPORTIVAS”** que traballan sen ánimo de lucro e que teñen como fin que os Galegos e Galegas de todas as idades poidamos practicar un **“DEPORTE DIGNO E EN CONDICIÓNS”**.



MANIFESTO

DA UNIÓN DE FEDERACIONES DEPORTIVAS GALEGAS

Documento apoiado por:

1. Federación Galega de Actividades Subacuáticas
2. Federación Galega de Aeronáutica
3. Federación Galega de Atletismo
4. Federación Galega de Automovilismo
5. Federación Galega de Badminton
6. Federación Galega de Baloncesto
7. Federación Galega de Balonmán
8. Federación Galega de Beisbol y Sofbol
9. Federación Galega de Billar
10. Federación Galega de Birlos
11. Federación Galega de Boxeo
12. Federación Galega de Caza
13. Federación Galega de Chave
14. Federación Galega de Ciclismo
15. Federación Galega de Colombicultura
16. Federación Galega de Columbófila
17. Federación Galega de Deporte a Adaptado
18. Federación Galega de Deportes Inverno
19. Federación Galega de Esgrima
20. Federación Galega de Espeleoloxía
21. Federación Galega de Esquí Náutico
22. Real Federación Galega de Fútbol
23. Federación Galega de Golf
24. Federación Galega de Halterofilia
25. Federación Galega de Hípica
26. Federación Galega de Hockey
27. Federación Galega de Judo

A UNIÓN FAI A FORZA

MANIFESTO

DA UNIÓN DE FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS

28. Federación Galega de Karate e D. A.
29. Federación Galega de Kickboxing
30. Federación Galega de Kung Fu
31. Federación Galega de Loita e D. A.
32. Federación Galega de Motociclismo
33. Federación Galega de Motonáutica
34. Federación Galega de Natación
35. Federación Galega de Orientación
36. Federación Galega de Pádel
37. Federación Galega de Patinaxe
38. Federación Galega de Pelota
39. Federación Galega de Petanca
40. Federación Galega de Piragüismo
41. Federación Galega de Remo
42. Federación Galega de Rugby
43. Federación Galega de Salvamento e Socorrismo
44. Federación Galega de Squash
45. Federación Galega de Surf
46. Federación Galega de Taekwondo
47. Federación Galega de Tenis
48. Federación Galega de Tenis de Mesa
49. Federación Galega de Tiro ao Voo
50. Federación Galega de Tiro con Arco
51. Federación Galega de Tiro Olímpico
52. Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon moderno
53. Real Federación Galega de Vela



MANIFESTO

DA UNIÓN DE FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS

- 54. Federación Galega de Voleibol
- 55. Federación Galega de Xadrez
- 56. Federación Galega de Ximnasia

A UNIÓN FAI A FORZA